



## MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O LABORATORIO INTERPROFESIONAL GALEGO DE ANÁLISE DO LEITE (LIGAL) PARA A REALIZACIÓN DAS ANÁLISES DE MOSTRAS DE LEITE PROCEDENTES DO CONTROL LEITEIRO OFICIAL DO GANDO VACÚN DE GALICIA NAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS PARA O PERÍODO 2025 – 2028

Esta consellería do Medio Rural é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, así como na elaboración e execución dos programas de mellora xenética do gando, tal como se recolle no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos continuar coa realización das análises de mostras procedentes do control leiteiro oficial, en cumprimento do sinalado no Real decreto 663/2023, do 18 de xullo, que regula o control do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovinas, ovina e cabrúa, que servirán para a valoración xenética dos animais que participan no Programa de Mellora Xenética da Raza Frisona de Galicia.

### Antecedentes

O sector lácteo representa en Galicia unha gran porcentaxe da produción final agraria e do emprego no rural, cunha produción que supón unha porcentaxe moi significativa do total nacional de leite de vacún, polo que ocupa unha posición estratéxica no agro galego. Dada a relevancia do sector para Galicia, a Consellería do Medio Rural auspiciou fai anos o Programa de Mellora Xenética de Frisón de Galicia, cuxo fin é por a disposición dos gandeiros galegos material xenético de alta calidade producido en Galicia para obter animais máis selectos e eficientes na produción de leite.

A gandería de leite precisa de elementos que permitan acadar a maior rendibilidade das explotacións, é dicir obter os máis elevados niveis de produción sen comprometer a viabilidade da explotación, para o cal a mellora xenética amósase como a ferramenta axeitada xa que facilita dispoñer de efectivos de reprodutores selectos con alto valor xenético comprobado. A información obtida a partir do control leiteiro resulta imprescindible para a avaliación xenética dos reprodutores, e sen ela non sería posible o desenvolvemento do Programa de Mellora Xenética de Frisón de Galicia.





Para realizar as avaliacións xenéticas dos animais hai que dispor, entre outra información, dos datos relativos a súa produción, tanto cuantitativa como cualitativa. Esta información, que unha vez procesada permite estimar o valor xenético da poboación, acádase mediante a realización do control leiteiro oficial como instrumento normalizado de traballo nos programas de mellora do gando de aptitude leiteira.

O seu desenvolvemento está regulado por normativa tanto estatal como autonómica, ademais de seguir as recomendacións do International Committee for Animal Recording (ICAR). Na práctica, o control leiteiro consiste na recollida sistemática de datos nas explotacións, xunto coa toma de mostras do leite de cada reprodutora para determinar mediante analíticas a súa composición. Posteriormente, as mostras recollidas sométense a determinacións analíticas sobre a calidade físico-química do leite. A información obtida, unha vez procesada permite estimar o valor xenético da poboación, así como os méritos ou outras capacidades dos animais.

Así pois, o control oficial de rendemento leiteiro é un instrumento esencial no desenvolvemento dos esquemas de selección xenética do gando de leite e hoxe en día, as explotacións galegas en control leiteiro son responsables das dúas terceiras partes da leite que se comercializa en Galicia e practicamente toda a produción láctea galega provén de animais da raza Frisona.

O Real decreto 663/2023, de 18 de xullo, polo que se regula o control do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina e se establecen as bases reguladoras das subvencións ao control do rendemento leiteiro sinala no artigo 7º a necesidade de que as entidades de control leiteiro para poder ser autorizadas deben de contar, polo menos, cos servizos dun laboratorio de control leiteiro para realizar as análises cualitativas das mostras de leite, o cal deberá estar acreditado conforme as normas UNE-EN-ISO que sexan de aplicación, e deberá actuar de forma coordinada co laboratorio nacional de referencia.

O LIGAL ten entre os seus fins básicos estatutarios os de carácter asistencial, educativo, científico, sanitario e de cooperación ou fomento da economía primaria e de investigación nos ámbitos de control da composición química e bacteriolóxica do leite, de estudo e investigación científica e técnica relativa ao leite e produtos lácteos, ben directamente, ou a través de convenios con entidades públicas ou privadas así como en calquera outra actuación para o control da calidade do leite, a súa produción, tratamento, transformación e comercialización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como dos demais produtos lácteos, encamiñadas a optimizar a súa produción e comercialización no máximo nivel sanitario.

A Consellería do Medio Rural e o LIGAL xa veñen colaborando conxuntamente desde fai moitos anos na realización das analíticas necesarias para o control oficial de rendemento leiteiro nas femias bovinas, e así obter os datos que permitan avaliar xeneticamente aos reprodutores e poder levar a cabo o Programa de Mellora





Xenética de Frisón de Galicia. O presente convenio constitúe a continuación do convenio anterior asinado entre as partes para o período 2021 a 2024.

## **Finalidade**

O obxecto deste convenio é regular as condicións de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL), para a realización das análises das mostras de leite correspondentes ao control do rendemento leiteiro oficial para a avaliación xenética na especie bovina na Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento do sinalado no Real decreto 663/2023, do 18 de xullo e a súa participación no Programa de mellora xenética de Frisón para o período 2025-2028.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co LIGAL o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2028.

## **O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:**

O Real decreto 663/2023, do 18 de xullo, que regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e cabrúa, define no artigo 2.d) o control do rendemento leiteiro como o conxunto de actuacións destinadas a comprobar sistematicamente as producións e outras aptitudes funcionais das femias reprodutoras leiteiras, para a determinación do valor xenético e os méritos ou outras capacidades dos animais, todo iso no marco dun programa de cría aprobado oficialmente para a raza e de acordo aos requisitos establecidos no capítulo V do Regulamento (UE) n.º 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, no Real decreto 45/2019, do 8 de febreiro, e neste real decreto.

Así mesmo, no artigo 7 sinala a necesidade de que as entidades de control leiteiro para poder ser autorizadas deben de contar, polo menos, cos servizos dun laboratorio de control leiteiro para realizar as análises cualitativas das mostras de leite, o cal deberá estar acreditado conforme as normas UNE-EN-ISO que sexan de aplicación, e deberá actuar de forma coordinada co laboratorio nacional de referencia.

O Decreto 120/2011, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura organizativa responsable do funcionamento do control leiteiro oficial en Galicia, no seu artigo 3º, designou ao Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL), como laboratorio oficial para realizar as análises das mostras de leite dos controis leiteiros oficiais de todas as especies en Galicia, e, polo tanto, para colaborar coas entidades de control leiteiro autorizadas e coa Consellería do Medio Rural na execución do control leiteiro na comunidade autónoma.

Como xa se comentou anteriormente o LIGAL é unha entidade que ven colaborando desde fai moitos anos coa Consellería do Medio Rural na realización das analíticas





necesarias para a execución do control leiteiro oficial, coas implicacións que isto trae consigo de cara ao Programa de Mellora Xenética de Frisón de Galicia.

Con estas premisas, a Xunta de Galicia pretende seguir a colaborar co LIGAL na xestión da realización das analíticas necesarias das mostras de leite recollidas no control leiteiro, entre outras funcións descritas no presente convenio, asumindo a parte dos custos das analíticas que, alén dos gandeiros en control, redundan no beneficio do sector leiteiro galego no seu conxunto.

As analíticas a realizar polo LIGAL obxecto deste convenio serán aquelas derivadas das mostras recollidas ao longo do ano nos controis habituais realizados nas explotacións, utilizando como referencia o número de lactacións para a territorialización, asinadas pola Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e comunicadas anualmente ao MAPA a través da aplicación informática ARCA (Sistema Nacional de Información de Razas). O número máximo de analíticas que financia a Consellería do Medio Rural é de 12 por lactación para a territorialización (considerado o número de analíticas necesario para poder obter datos que permitan levar a cabo as avaliacións xenéticas con garantía), polo que o computo total a considerar resulta de multiplicar o número de lactacións para a territorialización do ano anterior por 12, sen que o custe destas analíticas supere en ningún caso a dotación orzamentaria prevista para cada anualidade. O importe que achega a Consellería do Medio Rural só cobre os custos de realización da actividade, non existindo beneficios industriais nin lucro entre as partes, tal e como se acredita na desagregación orzamentaria que se achega como Anexo a esta memoria.

O convenio resulta de gran interese para esta administración, porque habilita medios dos que carece a consellería e permite obter grandes beneficios para ambas partes convenientes e para o sector lácteo galego en xeral, a un custo axeitado, xa que as actuacións que desenvolve o LIGAL están directamente vinculadas coa consecución do obxectivo de mellora do sector lácteo galego ao permitir a obtención dunha cabana gandeira máis selecta e eficiente na produción de leite, contribuíndo á mellora da eficacia dos sistemas produtivos agrarios e das calidades nas súas producións e á optimización na utilización das oportunidades e recursos dispoñibles, coa consecuente incidencia a nivel económico e social. Ademais, o LIGAL non actúa no mercado con ánimo de lucro, tal e como se recolle nos seus estatutos.

En base ao exposto, a Consellería do Medio Rural pretende asinar un novo convenio de colaboración co Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) para o período 2025-2028 co obxectivo de continuar colaborando na realización das análises de mostras de leite procedentes do control leiteiro oficial do gando vacún de Galicia nas explotacións leiteiras e facilitando o cumprimento das obrigas normativas, ademais de obter os datos que permitan avaliar xeneticamente aos reprodutores que participan no programa galego de selección e mellora da raza frisona.

Como tal convenio, este estaría suxeito aos principios recollidos na lei de contratos, entre eles ao de concorrência. Non obstante, o obxecto deste fai imposible a





efectividade deste principio neste caso. Non é posible promover a concorrência pública por canto é a propia normativa quen obriga ás entidades de control leiteiro autorizadas a contar cos servizos dun laboratorio que estea acreditado conforme ás normas UNE-EN-ISO 17025, como é o caso do LIGAL, e é a propia normativa quen designa, no artigo 3 do Decreto 120/2011, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura organizativa responsable do funcionamento do control leiteiro oficial en Galicia, ao Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL), como o laboratorio oficial para realizar as análises das mostras de leite dos controis leiteiros oficiais de todas as especies en Galicia, e polo tanto para colaborar na execución do control leiteiro nesta comunidade autónoma.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

## Financiamento

A Consellería do Medio Rural colaborará activamente co LIGAL na xestión do control leiteiro, ademais de asumir parcialmente os custos das analíticas.

O importe total do convenio ascende a dous millóns oitocentos oitenta mil euros (2.880.000,00 €) para o período 2025-2028, dispoñibles na aplicación 15.04.713C.640.8. Trátase dun expediente que polo importe e carácter plurianual require autorización previa do Consello de Xunta, de acordo coa Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O importe económico do convenio distribuirase coa seguinte dotación máxima para cada anualidade:

- 2025: 720.000,00 €
- 2026: 720.000,00 €
- 2027: 720.000,00 €
- 2028: 720.000,00 €

Esta cifra só cobre os custos de realización da actividade para cada unha das anualidades.





Este convenio tramítase de acordo co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2025.

Por todo o exposto, solicítase a tramitación do Convenio entre a Consellería do Medio Rural e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite para a realización das análises de mostras de leite procedentes do control leiteiro oficial do gando vacún de Galicia nas explotacións leiteiras para o período 2025-2028.

Santiago de Compostela, á data da sinatura

O director xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Asinado dixitalmente no lateral





## ANEXO. CADRO DE CUSTOS ANUAIS ESTIMADOS

| CONCEPTO                                       | TIPO DE GASTO  | EUR               | EUR/mostra  |
|--|--|-------------------|-------------|
| CUSTES DIRECTOS ANÁLISE MILKOSCAN + FOSSOMATIC | Persoal técnico  | 150.334,06        | 0,08        |
|  | Materiais, funxibles e outros  | 68.141,78         | 0,03        |
|  | Amortización   | 53.592,48         | 0,03        |
|  | <b>TOTAL CUSTES DIRECTOS (sen IVE)</b>                                     | <b>272.068,32</b> | <b>0,14</b> |
| CUSTES INDIRECTOS CONTROL LEITEIRO             | Mostraxe, transporte, recepción e clasificación                            | 154.182,64        | 0,08        |
|  | Proceso de datos: hardware, software, procesado, análise e envío de datos. | 35.154,35         | 0,02        |
|  | Controis de calidade en procesos analíticos e documentais.                 | 5.704,58          | 0           |
|  | Mantemento de equipos de análise e instalacións.                           | 41.655,40         | 0,02        |
|  | Administración e dirección.  | 86.276,03         | 0,05        |
|  | <b>TOTAL CUSTES INDIRECTOS (sen IVE)</b>                                   | <b>322.973,01</b> | <b>0,17</b> |
| <b>CUSTE TOTAL (sen IVE)</b>                   |  | <b>595.041,32</b> | <b>0,31</b> |
| <b>CUSTE TOTAL (con IVE)</b>                   |  | <b>720.000,00</b> | <b>0,38</b> |

